



INFORME

Que se emite en relación co expediente de contratación, polo procedemento aberto, de subministración do gas natural para o Parlamento de Galicia:

- I. Aínda que no expediente non se fai mención expresa, trátase de unha tramitación anticipada de gasto xa que execución material do contrato comezará no ano 2015. De acordo co disposto no artigo 110.2 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público este expediente poderá ultimarse coa adxudicación e formalización do contrato no ano 2014, aínda que todo elo supeditado á condición suspensiva da efectiva existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2015, o cal, debe facerse constar no prego de cláusulas administrativas.
- II. O gasto anual, por importe de 56.870 euros IVE engadido, pode imputarse á partida 01.01.111B.221.02 do orzamento do ano 2015, sempre que se suplemente o crédito previsto que ascende a cantidade de 55.000 euros.
- III. Polo demais, os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas axústanse á Lei de Contratos do Sector Público e demais normativa de aplicación.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2014

A viceinterventora